

D. SALUSTIANO MATO DE LA IGLESIA , Rector de la Universidad de Vigo

HACE CONSTAR QUE:

Según la Resolución del 24 de Junio de 2010 , publicada en el Diario Oficial de Galicia con fecha de 30 de Junio de 2010, se delegan en la Vicerrectoría de Organización Académica, Profesorado y Titulaciones las siguientes competencias:

- A) Las relativas a la organización académica de las titulaciones de grado y postgrado oficiales.
- B) Las de puesta en marcha de nuevas titulaciones de grado y postgrado oficiales.
- C) Las de dirección, impulso, coordinación y supervisión de la elaboración y reforma de planes de estudios.
- D) Las relacionadas con la tramitación de postgrado oficial, tercer ciclo y doctorado.
- E) Las relativas a los títulos propios de grado.
- F) La oferta anual de plazas en cada titulación.
- G) Las referentes a la elaboración del plan docente anual.
- H) Las referentes a los centros y departamentos.
- I) Las de coordinación y control de centros adscritos.
- J) Las de supervisión de la elaboración de los planes de organización docente y del cuadro de personal docente.
- K) Las relativas a los concursos de personal docente funcionario y contratado y la aprobación de las listas provisionales y definitivas de admitidos.
- L) Las referentes a los programas de promoción y estabilización del personal docente e investigador.
- M) Las relativas a la situación administrativa del personal docente e investigador, incluidos los procedimientos de jubilación.

Y para que conste a los efectos oportunos, se firma el presente documento

En Vigo, 23 de Febrero de 2011



CRA de Ribadumia, Ribadumia (Pontevedra).

-Categoría B:

Premio ao mellor traballo: alumnos/as de 1º e 2º de educación primaria.

Todos xuntos facemos unha rúa mellor.

CEIP Domaio, Moaña (Pontevedra).

Accésit: alumnos/as de 1º e 2º de educación primaria.

Visita á cooperativa Santa María do Val.

CPI do Feal, Narón (A Coruña).

-Categoría C:

Premio ao mellor traballo: alumnos/as de 3º e 4º de educación primaria.

Proxecto interetapas: equipos cooperativos tutorizados.

CPR Andaina, Culleredo (A Coruña).

Accésit: alumnos/as de 3º e 4º de educación primaria.

A industria do liño en Galicia.

CEP Marcos da Portela, Monteporreiro (Pontevedra).

-Categoría D:

Premio ao mellor traballo: alumnos/as de 5º e 6º de educación primaria.

Unha receita cooperativa.

CEIP San Miguel de Reinante, Barreiros (Lugo).

Accésit: alumnos/as de 5º e 6º de educación primaria.

Xogos populares e tradicionais.

CEIP ADR Castelao, Ordes (A Coruña).

2) Modalidade de actividades cooperativizadas:

-Categoría E:

Premio ao mellor traballo: alumnos/as do 1º ciclo da ESO.

Obradoiro de confección: traxe de noiva.

IES Maximino Romero de Lema, Zas (A Coruña).

-Categoría F:

Premio ao mellor traballo: alumnos/as do 2º ciclo da ESO.

O xurado acordou outorgar o premio compartido:

*Reconstruíndo Haití.

IES Antonio Fraguas Fraguas, Santiago de Compostela (A Coruña).

*IES Pino Manso con Haití.

IES Pino Manso, O Porriño (Pontevedra).

2. Certame Cooperativismo no ensino dirixido a centros de formación profesional.

Modalidade de proxectos empresariais cooperativos:

Premio ao mellor proxecto empresarial cooperativo:

O Poio Verde, Sociedade Cooperativa Galega.

CFEA de Sergude-Boqueixón (A Coruña).

Accésit aos dous proxectos empresariais finalistas:

**Altrote, Sociedade Cooperativa de Traballo Asociado Galega.*

IES Politécnico de Lugo (Lugo).

**Óptima, Sociedade Cooperativa Galega.*

IES As Mercedes (Lugo).

UNIVERSIDADE DE VIGO

Resolución do 24 de xuño de 2010 de delegación de competencias.

A Lei orgánica de universidades (LOU) 6/2001, do 21 de decembro, modificada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, asigna aos reitores das universidades unha parte importante das competencias que a autonomía universitaria confire aos órganos universitarios. Así mesmo, os Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados mediante o Decreto 7/2010, do 14 de xaneiro, desenvolven especificamente nos seus artigos 56, 57, 58, 59 e 60 as competencias do reitor.

A actividade administrativa da Universidade de Vigo leva consigo unha concentración de funcións na persoa do seu reitor que aconsella, dado o seu volume, recorrer á delegación de competencias, sen esquecer o debido respecto dos principios que informan a actividade administrativa e que a nosa Constitución recolle no seu artigo 103.1º.

A delegación de competencias permite a axilización administrativa necesaria que redundará en beneficio tanto da Administración coma dos administrados, dentro do máis rigoroso respecto das garantías xurídicas que a tutela dos intereses públicos exige.

Na súa virtude, facendo uso das facultades que me confire o artigo 13, 16 e 17 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, os Estatutos desta universidade e demais dispo-

cións de xeral aplicación, esta reitoría decide ditar a seguinte resolución:

I. Delegación a favor da secretaria xeral e vicerreitores.

1. Con independencia das competencias que lle recoñecen a LOU e os Estatutos desta universidade:

Deléganse na secretaria xeral as seguintes competencias:

a) A dependencia funcional da Asesoría Xurídica, sendo este o camiño que se debe seguir para o pedimento de consultas e informes que deba render aquela aos órganos colexiados e unipersoais, así como aos restantes membros da comunidade universitaria.

b) A sinatura de certificacións supletorias dos títulos propios.

c) A sinatura das resolucións que autoricen ou deneguen as rectificacións das actas académicas.

d) A representación oficial da universidade perante os poderes públicos en materia xudicial e administrativa.

e) A delegación da sinatura en resolucións reitorais polas que se resolvan pedimentos de alumnos/as en relación coa súa actividade académica, agás os relativos ao rendemento académico dos estudantes.

f) As relativas aos rexistros da universidade.

g) A coordinación da matrícula e a proposta de calendario escolar.

h) Coordinación, dirección e impulso da revisión normativa.

2. Deléganse no vicerreitor de Economía e Planificación as seguintes competencias:

a) As relacionadas con plans e programas estratégicos institucionais.

b) As de elaboración coa Xerencia das liñas e directrices do orzamento anual da Universidade e, en xeral, da política económica.

c) As de coordinación en materias económicas.

d) A coordinación de asuntos ou iniciativas que teñan repercusión nas partidas de ingresos ou gastos orzamentarios.

e) A de programación e execución das novas infraestruturas.

f) As correspondentes ás actuacións urbanísticas que afecten a Universidade de Vigo.

g) As correspondentes á solicitude e contratación de proxectos, infraestruturas, equipamentos e instalacións de carácter institucional.

h) As relativas ás tecnoloxías da información e ás comunicacións e os seus servizos.

i) As de xestión e coordinación dos equipamentos e infraestruturas docentes.

j) As relativas á biblioteca.

k) As correspondentes á prevención de riscos laborais e calidade ambiental.

3. Deléganse na vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións as seguintes competencias:

a) As relativas á organización académica das titulacións de grao e posgrao oficiais.

b) As de posta en marcha de novas titulacións de grao e posgrao oficiais.

c) As de dirección, impulso, coordinación e supervisión da elaboración e reforma de plans de estudo.

d) As relacionadas coa tramitación do posgrao oficial, terceiro ciclo e doutoramento.

e) As relativas aos títulos propios de grao.

f) A oferta anual de prazas en cada titulación.

g) As referentes á elaboración do plan docente anual.

h) As referentes aos centros e departamentos.

i) As de coordinación e control de centros adscritos.

j) As de supervisión da elaboración dos plans de organización docente e do cadro de persoal docente.

k) As relativas aos concursos de persoal docente funcionario e contratado e a aprobación das listas provisionais e definitivas de admitidos.

l) As referentes aos programas de promoción e estabilización do persoal docente e investigador.

m) As relativas á situación administrativa do persoal docente e investigador, incluídos os procedementos de xubilación.

4. Deléganse no vicerreitor de Alumnado, Docencia e Calidade as seguintes competencias:

a) As referidas á xestión das distintas bolsas de estudo e os seus procedementos derivados, incluíndo, de ser o caso, a presidencia e/ou representación da universidade nos distintos órganos que se constituían para a súa xestión.

b) As referidas á organización, avaliación e seguimento dos procesos de calidade, entre eles os referidos á actividade docente e ao rendemento académico do estudantado.

c) As correspondentes aos procesos de difusión da oferta académica e á captación e acceso do seu alumnado.

d) As relacionadas co programas e accións de formación continua do profesorado.

e) As referidas á formación integral do estudante.

5. Deléganse na vicerreitora de Investigación as seguintes competencias:

a) A promoción e avaliación da investigación.

b) As de política científica e difusión da actividade investigadora.

c) As correspondentes ás estruturas propias de investigación e centros propios de investigación, agás as do Campus de Ourense.

d) As de xestión e coordinación dos recursos de investigación, e as de realización de propostas de equipamento de centros de investigación, agás os do Campus de Ourense.

e) As correspondentes ás relacións con axentes de investigación nacionais e internacionais, e con outros centros de I+D.

f) A proposta, formalización e contratación de proxectos de investigación, tanto no ámbito nacional como internacional.

g) As relativas aos recursos de investigación e a actividade investigadora vencelladas á elaboración de teses de doutoramento.

6. Deléganse no vicerreitor de Transferencia de Coñecemento as seguintes competencias:

a) A promoción, avaliación e recoñecemento da transferencia de coñecemento en todos os ámbitos.

b) As relacionadas cos parques e módulos científicos e tecnolóxicos, empresas de base tecnolóxica, viveiros de empresas e centros tecnolóxicos, agás os situados no Campus de Ourense.

c) As de política de transferencia e a súa difusión.

d) As relacionadas coa potenciación da oferta específica de plans de formación para empresas, institucións e profesionais.

e) As de contratos, informes e cursos do artigo 83 da LOU.

f) A solicitude e a contratación de proxectos de transferencia de resultados de investigación.

g) As relacionadas coas cátedras de empresa, agás as de Ourense e Pontevedra.

h) As relacionadas co fomento do emprego dos estudantes.

7. Deléganse na vicerreitora de Investigación e Transferencia do Campus de Ourense as seguintes competencias:

a) As correspondentes ás estruturas propias de investigación e centros propios de investigación do Campus de Ourense.

b) As de xestión e coordinación dos recursos de investigación e as de realización de propostas de equipamento de centros de investigación do Campus de Ourense.

c) As relacionadas cos parques e módulos científicos e tecnolóxicos, empresas de base tecnolóxica, viveiros de empresas e centros tecnolóxicos situados no Campus de Ourense.

d) As relacións, en representación do reitor, coas institucións e empresas de carácter público e privado, así como a sinatura de todo tipo de protocolos e convenios relacionados coas actividades destas, cando así sexa considerado oportuno polo reitor.

e) A proposta, formalización e contratación de proxectos de investigación, tanto no ámbito nacional como internacional.

f) As relacionadas coas cátedras de empresa do Campus de Ourense.

8. Deléganse no vicerreitor de Relacións Internacionais as seguintes competencias:

a) O fomento da internacionalización e o deseño das estratexias e políticas para as relacións internacionais e a cooperación internacional.

b) A representación institucional en foros e eventos internacionais.

c) A sinatura de acordos, convenios e protocolos relacionados coa actividade internacional da Universidade de Vigo, cando así sexa considerado oportuno polo reitor.

d) O deseño, planificación e xestión dos programas internacionais de mobilidade e intercambio.

9. Deléganse no vicerreitor de Extensión Universitaria as seguintes competencias:

a) As de proxección da universidade na vida cultural e deportiva.

b) As correspondentes a servizos sociais, aloxamento e atención e información á comunidade universitaria.

c) As de organización, realización e seguimento dos cursos de extensión universitaria.

d) As relativas a asociacións universitarias e voluntariado.

10. Deléganse na vicerreitora do Campus de Ourense as seguintes competencias no territorio de

influencia da Universidade de Vigo no Campus de Ourense:

a) As de proxección, coordinación e representación da universidade.

b) As relacións, en representación do reitor, coas institucións e empresas de carácter público e privado, así como a sinatura de todo tipo de protocolos e convenios relacionados coas actividades destas, cando así sexa considerado oportuno polo reitor.

c) As relacionadas con cursos complementarios e a sinatura de convenios de cooperación educativa en todas as materias obxecto desta delegación.

d) As derivadas do proceso de desconcentración administrativa relativas ao Campus de Ourense.

e) As relacionadas directamente cos asuntos específicos do campus.

11. Deléganse na vicerreitora do Campus de Pontevedra as seguintes competencias no territorio de influencia da Universidade de Vigo no Campus de Pontevedra:

a) As de proxección, coordinación e representación da universidade.

b) As relacións, en representación do reitor, coas institucións e empresas de carácter público e privado, así como a sinatura de todo tipo de protocolos e convenios relacionados coas actividades destas, cando así sexa considerado oportuno polo reitor.

c) As relacionadas con empresas e institucións, incluíndo as cátedras de empresa e cursos complementarios, e a sinatura de convenios de cooperación educativa en todas as materias obxecto desta delegación.

d) As derivadas do proceso de desconcentración administrativa relativas ao Campus de Pontevedra.

e) As relacionadas directamente cos asuntos específicos do campus.

II. *Delegación a favor do xerente.*

12. Deléganse no xerente, con independencia das competencias que lle outorgan a Lei orgánica de universidades e os Estatutos da Universidade de Vigo, as seguintes competencias:

a) A de ordenación dos pagamentos.

b) As de negociación colectiva e carreira administrativa.

c) En colaboración coa Vicerreitoría de Economía e Planificación, a elaboración da memoria económica e a formulación das contas anuais exixidas na lexislación vixente.

d) No relativo ao persoal, ademais das competencias recoñecidas nos Estatutos da Universidade de

Vigo en materia de dirección do persoal de administración e servizos, por delegación terá as seguintes:

-Negociar directamente ou determinar as instrucións a que deberán atermos os representantes da Universidade cando proceda a negociación colectiva coa representación dos traballadores, xa sexan laborais ou funcionarios.

-Os actos de negociación e execución dos convenios colectivos ou similares e outros pactos legalmente formalizados ou que se formalicen.

-Todos os actos derivados da xestión e tramitación dos procedementos de xubilación tanto de persoal docente e investigador como do persoal de administración e servizos, salvo as certificacións que correspondan.

-Tramitar os procedementos seguidos ante a Seguridade Social ou Muface, así como as reclamacións previas á vía xudicial ou recursos que non esgoten a vía administrativa tanto do persoal docente e investigador como do persoal de administración e servizos.

-Propoñer e emitir informes sobre a autorización ou o recoñecemento de compatibilidade cando lle corresponda, e propoñer a súa resolución ao reitor.

-Autorizar e asinar os contratos de persoal laboral contratado con carácter temporal e o nomeamento de interinos no caso de que proceda.

-Comunicar as resolucións reitorais en materia de persoal.

-Todos aqueles actos de administración e xestión ordinaria do persoal que non figuren atribuídos a outros órganos universitarios.

-As derivadas da coordinación da prevención de riscos laborais.

e) A de autorizar, dispoñer e contraer obrigas sobre os créditos de gasto da universidade, exceptuando os mencionados no número 13 a), b), c), d); 14 a), b); 15 a), b); e 16 a), b) desta resolución.

f) As de actuación como órgano de contratación da universidade nos termos establecidos na Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, agás o establecido no número 13 a), b), c); 14 a), b); 15 a), b); e 16 a), b) desta resolución.

g) O mantemento das infraestruturas existentes e a xestión das reformas, melloras e ampliación das infraestruturas dos centros.

h) As modificacións de crédito que teñan a súa orixe nas incorporacións de remanente que non sexan de libre disposición.

i) Delégase nos/as xefes/as das distintas unidades administrativas a concesión de permisos e licenzas

ao persoal de administración e servizos nos seguintes casos:

-Para realizar funcións sindicais, de formación sindical ou representación do persoal, e deberes inescusables de carácter público ou persoal, polo tempo indispensable.

-Vacacións e permisos por asuntos propios, atendendo sempre ás necesidades do servizo.

-Os/as xefes/as de unidades terán a obriga de informar sobre os permisos concedidos sempre que así o requira a Xerencia.

As restantes solicitudes de obtención de permiso ou licenza, retribuída ou non, deberán formularse ante a Xerencia.

j) O/a xerente, respecto das súas funcións, poderá realizar encomendas de xestión ou delegación de sinatura. Sen prexuízo de delegación ou encomendas específicas, con carácter xeral, enténdese que os/as vicexerentes teñen delegada a sinatura dos actos de trámite correspondentes ao seu ámbito de actuación.

k) En caso de ausencia, enfermidade ou outra causa legal que determine a imposibilidade de actuar do/a xerente, será substituído/a automaticamente polo vicexerente que designe e, de non ser posible, polo máis antigo como tal ou como membro da Universidade de Vigo.

III. *Delegación a favor dos/as administradores/as de centros/ámbito/campus.*

13. Delégase nos/as administradores/ as de centro/ámbito/campus, dentro do seu ámbito funcional:

a) A contratación de subministracións e servizos non suxeita a regulación harmonizada que poidan adxudicarse por procedemento negociado por razón de contía cando o seu valor estimado (IVE non incluído) non sexa superior ao establecido no artigo 161.2º da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público. Esta delegación inclúe as facultades de retención, autorización, disposición e contratación de obrigas sobre os créditos correspondentes.

A Xerencia, por proposta do administrador correspondente, poderá ordenar que un expediente de contratación se centralice por razón da súa complexidade ou da carga administrativa existente no centro.

b) A tramitación e sinatura de contratos de subministracións e servizos baseados nun acordo marco concluído pola universidade cun ou varios empresarios. O procedemento de adxudicación aterase ao establecido no artigo 182 da Lei de contratos do sector público e ao correspondente prego de cláusulas administrativas particulares do acordo marco, que poderá establecer limitacións a estas facultades. Esta delegación inclúe as facultades de retención,

autorización, disposición e contratación de obrigas sobre os créditos correspondentes.

c) As facultades de retención, autorización, disposición e contratación de obrigas dos gastos relativos á realización de obras, adquisición de subministracións e prestacións de servizos por contrato menor segundo o establecido na Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público e ás indemnizacións por razón de servizo nos departamentos, facultades ou escolas, programas oficiais de posgrao, títulos propios e proxectos de investigación que se xestionen no seu ámbito funcional, respecto aos créditos que teñan encomendados. Esta delegación inclúe a sinatura dos contratos menores.

d) A competencia para contraer obrigas por gastos relativos á realización de obras, adquisición de subministracións e prestacións de servizos previamente autorizados e dispostos pola Xerencia, respecto aos créditos que teñan encomendados.

IV. *Delegación a favor do/a xefe/a do Servizo de Extensión Universitaria.*

14. Delégase no/a xefe/a do Servizo de Extensión Universitaria, no que se refire ao centro de gasto de que é responsable:

a) As facultades de retención, autorización, disposición e contratación de obrigas dos gastos relativos á realización de obras, adquisición de subministracións e prestacións de servizos por contrato menor segundo o establecido na Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, e ás indemnizacións por razón de servizo, respecto aos créditos que teña encomendados. Esta delegación inclúe a sinatura dos contratos menores.

b) A competencia para contraer obrigas por gastos relativos á realización de obras, adquisición de subministracións e prestacións de servizos previamente autorizados e dispostos pola xerencia, respecto aos créditos que teña encomendados.

V. *Delegación a favor do/a director/a da Biblioteca.*

15. Delégase no/a director/a da Biblioteca, no que se refire ao centro de gasto de que é responsable:

a) As facultades de retención, autorización, disposición e contratación de obrigas dos gastos relativos á realización de obras, adquisición de subministracións e prestacións de servizos por contrato menor segundo o establecido na Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, e ás indemnizacións por razón de servizo, respecto aos créditos que teña encomendados. Esta delegación inclúe a sinatura dos contratos menores.

b) A competencia para contraer obrigas por gastos relativos á realización de obras, adquisición de subministracións e prestacións de servizos previamente autorizados e dispostos pola Xerencia, respecto aos créditos que teña encomendados.

VI. *Delegación a favor do/a director/a da Oficina de Relacións Internacionais.*

16. Delégase no/a director/a da Oficina de Relacións Internacionais, no que se refire ao centro de gasto de que é responsable:

a) As facultades de retención, autorización, disposición e contracción de obrigas dos gastos relativos á realización de obras, adquisición de subministracións e prestacións de servizos por contrato menor segundo o establecido na Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, e ás indemnizacións por razón de servizo, respecto aos créditos que teña encomendados. Esta delegación inclúe a sinatura dos contratos menores.

b) A competencia para contraer obrigas por gastos relativos á realización de obras, adquisición de subministracións e prestacións de servizos previamente autorizados e dispostos pola Xerencia, respecto aos créditos que teña encomendados.

VII. *Delegación a favor dos xefes de Administración dos centros de Ourense e Pontevedra e dos xefes da Área Académica dos centros de Vigo en materia de xestión académica.*

17. Deléganse nos/as xefes/as de Administración dos centros de Ourense e Pontevedra e nos/as xefes/as da Área Académica dos centros de Vigo a sinatura dos seguintes actos de xestión na tramitación dos procedementos de matrícula ordinaria:

a) Os escritos a que fai referencia o artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

b) Os trámites que teñan que efectuar os interesados, conforme o artigo 76 da mesma lei.

c) O pedimento de informes que teñan carácter preceptivo e os facultativos cando o determina unha disposición administrativa de carácter xeral ou se xulguen necesarios para a resolución do procedemento, de conformidade cos artigos 82 e 83 da citada lei.

d) Propoñer a aceptación da desistencia ou da renuncia da solicitude de matrícula dos/as alumnos/as.

e) Realizar os trámites que establece o artigo 92 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, relativos á caducidade dos procedementos de matrícula ordinaria.

VIII. *Delegación a favor de decanos/directores de centro en materia académica.*

18. Delégase nos decanos/directores de centros a sinatura das resolucións definitivas dos seguintes asuntos:

a) A admisión de alumnos/as en titulacións sen límite de prazas.

b) A admisión dos traslados dos/as alumnos/as para continuación de estudos, unha vez adoptadas as decisións polas comisións de centros.

IX. *Delegación da función certificante da secretaria xeral da Universidade no xefe do Servizo de Xestión de Persoal.*

19. Delégase no/a xefe/a do Servizo de Xestión de Persoal, en relación co persoal universitario, a función certificante da secretaria xeral da universidade, referida exclusivamente aos seguintes supostos:

a) Certificar a condición de funcionario/a ou traballador/a da universidade en situación de servizo activo para solicitar a concesión de subvencións de matrícula nos centros de ensino.

b) Certificar ou constatar a situación de servizo activo dos/as funcionarios/as ou traballadores/as para que teña efectos en calquera acto da vida administrativa dos interesados, unicamente no ámbito da Universidade de Vigo.

Disposicións xerais

Primeira.-Os actos ditados como consecuencia desta delegación non poderán exceder os límites dela xa que, en caso contrario, serán nulos de pleno dereito e, en todo caso, faríase constar expresamente esta resolución reitoral e terían a consideración de actos ditados por esta autoridade.

Segunda.-En ningún caso se poderán delegar as competencias que se delegan nesta resolución. O reitor, en todo momento, poderá avocar para si todas e cada unha das facultades que se atribúen nesta resolución.

Terceira.-Nos supostos de ausencia ou enfermidade, o reitor será substituído polo vicerreitor de Economía e Planificación, quen exercerá a plenitude de funcións que son propias do órgano substituído e, na falta deste, pola vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións. No caso de vacante, ausencia ou enfermidade dalgún vicerreitor ou vicerreitora, será substituído por aquel que designe, de xeito expreso, o reitor.

Cuarta.-Quedan derogadas todas as resolucións que se opoñan ou contradigan esta resolución reitoral e, de forma específica, a do 11 de xullo de 2006 (DOG nº 138, do 18 de xullo, corrección de erros no DOG nº 131, do 6 de xullo de 2007) e a do 1 de abril de 2009 (DOG nº 73, do 17 de abril).

Quinta.-Esta resolución terá vixencia a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Vigo, 24 de xuño de 2010.

Salustiano Mato de la Iglesia
Reitor da Universidade de Vigo